21 INTENTOS DE CONVERSA (PEQUENA NOVELA POR ENTREGAS)

Merco flores cada semana, porque non me gustan os espazos espidos. Colócoas nunha vella regadeira de lata, que quedou sen asa nalgún momento da súa curta vida útil. Gústame porque é sinxela, e porque sentiría unha certa culpabilidade de non empregala. Penso na ferramenta mutilada coma nun asomo, unha vaga lembranza do que chegou a ser algunha vez. Agora, asumindo un papel usurpado, pendura nun abismo entre definicións confusas. Quedou a súa esencia reducida á nada.

Os xoves esperto co abaneo das cortinas e a luz en suspensión, que se desfai en partículas de po. Traballo pola tarde, e aproveito os sonos prolongados para esquecer o rutineiro son do espertador, que, como máquina, se impón con frialdade e ergue un cerrume de ferro que devora os intres transitorios que tanto me importan. Durmir é algo así coma unha longa pausa no camiño. Percibo as sutilezas de cada breve sentimento, e o recendo dos vapores nocturnos é capaz de amainar a fervenza de emocións descontraladas que me inundan devagar na miña coitidianeidade. Nos soños, non hai espazos baleiros, e a néboa sopra contra o tempo, nunha loita encarecida. Non obstante, non é soño en si, senón o espertar pausado, a morna aperta da mañá contras as costas xeadas, o que me libera. Aínda cos pés enleados entre as sabas e os ollos case pechados, sensibles ás luces que escorregan por membranas de pel, son case capaz de manterme nun equilibrio de trapecista sobre a liña que divide o subconsciente. Non só devezo polos momentos instranscentes, senón tamén por aquelo que precede ao comezo. A semente da que xermolan os días.

Baixo por flores porque non me gustan as flores mortas, e porque sinto que murcho con cada bater das agullas do reloxo dentro da casa. Saco as vellas, da semana pasada, do que era unha regadeira e que agora só ten unha utilidade que non lle corresponde. Abro a porta e pecho, chamo o ascensor. Agardo.

O día, cando pasa, sobrevoa e disimula. O sol avanza e canto máis se aproxima ao cumio máis visible é o precipicio de rochas e humidade. O ascensor cae, acompañado polo acompasado movemento protector do fío da roldana, e detense. Parou no terceiro.

Ás veces quero converter os intres transitorios en xermes de novos intres. Algo así como unha aceleración do ciclo natural. "Cada día comézase de novo", non obstante, o remuíño interno absorbe as horas e aprópiase dos minutos, e no meu universo de bolboreta cada mínimo aceno de movemento faise eterno. E o tempo pasa paseniño… Por iso, son os sucos entre os actos, cultivados con sachos de pausas e fonemas, os que se aliñan co pensamento, e estenden a duración da percepción confusa.

Tento crear sobre a marcha dos acelerados avances das portas opacas do ascensor, un xogo de azar imaxinario, no que adiviño que veciño vai saír. Non é o home do can, Senón Eladio de Fisterra. Saúdame co sorriso que non é un sorriso e os seus ollos tristes diríxense cara o botón do garaxe. Ten que empregar a chave.

- Bo día. -Eladio de Fisterra é o membro máis importante da nosa veciñanza. Sostén o noso universo compartido, formado por retrincos dos universos individuais, e confírelles un algo inexpresábel mais sincero, real. Os seus acenos amábeis e a faciana agarimosa, non obstante, non son capaces de agochar o seu tormento. Eladio é un home ledo, mais ten un alma tristeira que arrastra, que lle pendura das costas. Ten unha alma de poeta, e esa é a súa maldición. Eu nunca

falei moito con el, eu non falo con ninguén. Mais disque é o único veciño ao que todos queren, ninguén sente maior xenreira con el da precisa nos momentos puntuais de conflitos de intereses que son comúns en calquera sociedade establecida. Ao mellor a do sexto, a loura, é a que ten o maior problema: quéixase de que o seu coche é demasiado grande, e case non deixa espazo para ela maniobrar na súa praza.

- Bo día, Eladio. Que tal está?
- *Mui* ben. Xa sabes, coma sempre, *rapasa.* E *logho…* Como andas ti? Non *che* vexo na comunidade de *vesiños* desde hai meses.
- Non tiven moito tempo, entre o traballo e todo o demais…
- Que me vas *disir!* Case non teño tempo nin de falar con Carmiña por teléfono.
- Como vai a súa irmá coa obra?- A compañía de teatro de Carmiña é algo así coma unha primavera itinerante. Eu vou velos ás veces, cando veñen a Lugo. Ela interpreta ben, eleva o ton de voz, e os reberberos dos monólogos imprímense nos meus oídos, no fondo da cabeza. Ás veces rebélanse fragmentos e soan sen aviso contra as tempas, sobre todo nos intres xerminais, nos ocos do subconsciente, enchen os espazos sonoros.
- Vai. Miña *irmán* sempre foi libre, si señor. E está a *faser* o que lle *ghusta.* É o que leva *fasendo* toda a vida. *Colliu* e fixo o que quixo. De nova, *ighual.* Iso si, nós *escoitábamos* todas as súas fantasías con detalle, queríamola moito e *ghustábanos* vela feliz.
- Eu asistín a unhas cantas obras súas e gustáronme, de verdade.
- E que é boa *actris,* xa cho digo. Tamén traballa *muito*, eh, por sacar adiante a compañía. A eles non *llo* deron todo feito.

Abre o ascensor e saio, exultante. Aperto nun acto-reflexo os beizos e, ao liberalos, o sorriso faise inmenso. Sinto unha plenitude que podería comparar á daquel ao que se lle negou o aire case ata o punto de inflexión, ata o límite, e abriu a boca con rapidez e co desexo de só inspirar. Non obstante, eu non reteño, eu espiro, e hai algo que se vai, que se agarraba ás miñas entrañas cunha forza terrible e pesada, é doente, asasino. Mais esvae, evapora entre os recunchos dos pulmóns.

Acostumeime a vivir nun suco, no intre intranscendente, no momento de paso. Agora o ascensor transfórmase nun burato na parede. Ollo a través del, e vexo ese mundo colectivo, a unión dos tecidos doutros mundos. Está baleiro, mais non sinto a necesidade de enchelo coa frialdade de símbolos insignificantes. Senón que o prefiro así, nú e vulnerable.